

SORTEO DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, (DOG do 18 de setembro), celebrarase proximamente neste centro a renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do consello escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director do centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un alumno ou alumna
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o vindeiro venres 18 de outubro, ás 12:10 h. no despacho de dirección do centro.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo consello escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente fará públicas a Xunta Electoral do Centro.

Ditas eleccións celebraranse o día que decida a xunta electoral constituída, e sempre entre os días 18 e 22 de novembro, ambos os dous incluídos.

Cacheiras, 14 de outubro de 2024

A DIRECTORA



Asdo.: Olga Simón Cruz